



GRUPO PROVINCIAL

© 32074003

www.bng.gal

PREGUNTA PARA PRESENTAR NO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) da Deputación de Ourense, en base o estipulado no artigo 14 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e o artigo 4 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno ordinario da Deputación provincial de Ourense, con data do 25 de setembro de 2020, o portavoz do grupo provincial do BNG solicitou, na quenda de rogos e preguntas, un informe por escrito cos criterios empregados para o reparto das 51.500 mascarar que o goberno do Estado español, desde a Subdelegación do Goberno, entregou á Deputación Provincial para o seu reparto entre os concellos en función da poboación destes (0.25 unidades por habitante).

Até o momento o grupo provincial do BNG non obtivo resposta a esta solicitude.

SOLICITA resposta as seguintes preguntas :

Cal é o criterio de reparto das 51.500 mascarar entregadas pola Subdelegación do Goberno a esta Deputación para o seu reparto entre os concellos?

Farase entrega aos grupos provinciais do informe por escrito, detallando os criterios empregados pola Deputación no reparto deste material sanitario aos concellos?

Ourense, a 7 de decembro de 2020


Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE